

PROVIDENCIA

EXPEDIENTE: CONTRATACIÓN DE PRÉSTAMO

DOCUMENTO: PROVIDENCIA DE IMPULSO AO TRÁMITE DA LICITACIÓN

ÓRGANO: Concellaría de Facenda – Tesourería

A Xunta de Goberno do Concello de Santiago de Compostela na sesión do 10 de abril de 2014 aprobou as condicións para realizar unha operación de préstamo para o financiamento dos investimentos en execución das previsións orzamentarias para o ano 2014 .

As condicións fixadas son:

Forma : Contrato de préstamo con previa apertura de crédito

Importe : SEIS MILLÓNS DE EUROS (6.000.000,00 €), admitíndose ofertas parciais do 50% deste importe (3.000.000,00 €)

Moeda : Euros

Período de disposición : Iniciarase o contrato como póliza de crédito, podendo o Concello, en función da execución dos investimentos, e durante un período de ata vinte e catro meses, dispoñer dos fondos nunha ou varias disposicións.

Modalidade : Tipo de xuro variable referenciado a euribor trimestral (de ser o caso farase constar teito superior). Sen comisións.

Prazo : Transcorrido o período de disposición de 24 meses, ou con anterioridade se a execución dos investimentos o permite, consolídase o contrato de préstamo pola cantidade disposta. Desde este momento o préstamo terá un prazo de vixencia de 10 anos.

Carencia : Desde a data de consolidación do contrato de préstamo iniciarase o período de amortización. Non existe carencia

Prazo de presentación de ofertas : 10 días naturais, isto é ata as catorce (14,00) horas do día 15 de maio.

Formalización do contrato: A formalización do contrato producirase no prazo improrrogable de 15 días contados dende o día no que se notifique a adxudicación, polo que as ofertas que se presenten deberán ser ofertas firmes

Lugar e forma de presentación : No rexistro de entrada do Concello, en sobre pechado, facendo constar ""Oferta préstamo 2014.- 6.000.000,00""


Cómpre pois solicitar ofertas ás Entidades financeira colaboradoras coa recadación e a calquera outra entidade que o solicite, así como comunicar a licitación a contratación coa finalidade de publicidade á contratación no perfil do contratante.



Recibidas as ofertas e emitidos os informes de Tesourería e Intervención, darase conta a esta Concellaría.

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2014

A CONCELLEIRA DELEGADA DE FACENDA E ORZAMENTOS



Asdo.: Cecilia Sierra Rey